

Primaria

Plástica 3

Programación

Trimestre 2

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos dixitais
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Segundo trimestre

Descrición da unidade

O desenvolvemento dos contidos do segundo trimestre baséase tanto nas aprendizaxes adquiridas polo alumnado no trimestre anterior coma na adquisición progresiva doutras aprendizaxes que forman parte do currículo de terceiro de Primaria.

Ampliamos algúns contidos e preparamos algúns conceptos que se traballarán en cursos próximos, como son o concepto de simetría e de perspectiva, e o coñecemento e a experimentación das técnicas mixtas. Así mesmo, seguiremos coa investigación e indagación das manifestacións artísticas, que enriquecerán o nivel cultural dos alumnos.

Os contidos mínimos esenciais no desenvolvemento da unidade deben centrarse en:

- A composición plástica para a creación dunha obra con diversos materiais (papeis de cores...).
- O coñecemento da simetría como unha técnica para a elaboración plástica.
- A observación da perspectiva na obra plástica.
- A experimentación con materiais reciclados para a elaboración dun xoguete.
- A indagación sobre o baixorrelevo como unha forma diferente de representación.

Temporalización

Desde xaneiro ata marzo.

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Compoñer paisaxes do medio mariño, do urbano, da estación trimestral (inverno).
- Realizar debuxos de froitas a partir dun eixe de simetría.
- Coñecer e representar os planetas do sistema solar.
- Realizar actividades con motivo de festas e celebracións: a paz, o carnaval...
- Debuxar peixes a partir duns esquemas previos.
- Representar a figura humana segundo os conceptos de proximidade e distancia (perspectiva).
- Manexar formas rectangulares para compoñer un crebacabezas.
- Adquirir destreza na técnica da colaxe: flores, paisaxe...
- Aproveitar o material reciclable para construír un xogo.
- Coñecer o patrimonio artístico e cultural: o baixorrelevo.
- Construír elementos tridimensionais con formas acuñadas.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> • Exploración das formas naturais desde diferentes ángulos e posicións. • Representación dun medio natural usando papeis de cores. • Experimentación das posibilidades da simetría como forma de representación. • Valoración do contido informativo dunha imaxe acerca do Día da Paz. • Construción dun móbil do sistema solar. • Confección dunha máscara de carnaval. • Observación da figura humana para o estudo da proporción segundo os conceptos de distancia e proximidade. • Experimentación das dimensións da figura humana a diferentes distancias. • Observación pautada das imaxes. • Realización das formas naturais e do medio mariño coa apreciación correcta dos detalles. • Encaixe das pezas dun crebacabezas dun friso do Partenón. • Observación dun detalle dun friso do Partenón. • Representación dunha flor utilizando papeis de cores. • Selección e uso apropiado do material reciclado para a realización dun xoguete. 	1. Utilizar as formas e as cores desde diferentes ángulos e posicións cunha intención estética.	1.1. Identifica as formas naturais, combinando as cores desde os diferentes ángulos e posicións.
	2. Recortar e pegar con precisión papeis de cores para crear a representación dun medio natural.	2.1. Comprende e segue os pasos para realizar unha composición plástica con papeis de cores.
	3. Completar figuras seguindo o eixe de simetría.	3.1. Realiza unha figura natural correctamente a partir do seu eixe de simetría.
	4. Elaborar unha composición que recolla a información do Día da Paz.	4.1. Crea unha composición que simboliza o Día da Paz a partir dun exemplo.
	5. Combinar técnicas para construír un móbil e unha máscara.	5.1. Practica o recortado e o pegado para construír un móbil e unha máscara.
	6. Completar a figura humana seguindo unha guía, observando a proximidade e a distancia con respecto a ela.	6.1. Debuxa a figura humana respectando as proporcións e o tamaño en función da distancia.
	7. Utilizar como referencia a pauta para realizar as formas naturais e do medio mariño.	7.1. Utiliza as liñas e as guías para debuxar as formas naturais e do medio mariño.
	8. Coñecer o baixorrelevo como unha forma de expresión artística de diversas culturas.	8.1. Describe as características do baixorrelevo e as sensacións que o provocan, expresando as súas apreciacións persoais con criterio artístico.
	9. Elaborar unha flor con papeis de cores.	9.1. Realiza unha flor superpoñendo papeis de cores.
	10. Crear un xoguete combinando materiais e técnicas.	10.1. Recorta, pega, pinta e usa material reciclado para a construción dun xoguete.

<ul style="list-style-type: none">• Construción dunha estrutura sinxela con material de reciclado.• Exploración das posibilidades das ceras brandas nos contrastes e as combinacións.	11. Saber preparar e coidar os materiais e os utensilios, e respectar os espazos en que se desenvolve o traballo de plástica.	11.1. Sabe planificar as tarefas. 11.2. Coida o material e respecta as normas establecidas na aula.
	12. Utilizar lapis de cores, rotuladores e ceras brandas para a composición das obras.	12.1. Manexa diferentes técnicas (lapis de cores, rotuladores, pegado, recortado, e ceras brandas) na composición das obras.

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Identifica as formas naturais, combinando as cores desde os diferentes ángulos e posicións.	<ul style="list-style-type: none"> • Composición de paisaxes de mar e de neve.
2.1. Comprende e segue os pasos para realizar unha composición plástica con papeis de cores.	<ul style="list-style-type: none"> • Creación dunha paisaxe de mar con papeis de cores.
3.1. Realiza unha figura natural correctamente a partir do seu eixe de simetría.	<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración de froitas a partir dun eixe de simetría.
4.1. Crea unha composición que simboliza o Día da Paz a partir dun exemplo.	<ul style="list-style-type: none"> • Creación dun cartel para conmemorar o Día da Paz.
5.1. Practica o recortado e o pegado para construír un móbil e unha máscara.	<ul style="list-style-type: none"> • Construción dun móbil sobre o sistema solar. • Construción dunha máscara de carnaval.
6.1. Debuxa a figura humana respectando as proporcións e o tamaño en función da distancia.	<ul style="list-style-type: none"> • Debuxo da figura humana en perspectiva, desde tres puntos de observación.
7.1. Utiliza as liñas e guías para debuxar as formas naturais e o medio mariño.	<ul style="list-style-type: none"> • Debuxo e coloreado de peixes a partir de formas esquemáticas.
8.1. Describe as características do baixorrelevo e as sensacións que o provocan, expresando as súas apreciacións persoais con criterio artístico.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación dun baixorrelevo para a realización do correspondente crebacabezas.
9.1. Realiza unha flor superpoñendo papeis de cores.	<ul style="list-style-type: none"> • Creación dunha flor con papeis de cores superpostas.
10.1. Recorta, pega, pinta e usa material reciclado para a construción dun xoguete.	<ul style="list-style-type: none"> • Creación dunha caixa de obstáculos.
11.1. Sabe planificar as tarefas.	<ul style="list-style-type: none"> • Planificación das tarefas segundo os pasos indicados.
11.2. Coida o material e respecta as normas establecidas na aula.	<ul style="list-style-type: none"> • Coidado e conservación do material para o seu posterior uso.

12.1. Manexa diferentes técnicas (lapis de cores, rotuladores, pegado, recortado e ceras brandas) na composición das obras.

- Manexo das técnicas simples e as técnicas mixtas con diferentes materiais.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.	Comprende a mensaxe visual e exprésao por medio de palabras. Comenta as actividades formuladas en relación cos referentes sociais e culturais.
	<i>Plan lector:</i> gozar coa lectura.	Lectura comprensiva das ordes de traballo e dos textos informativos presentes nas actividades.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece a noso arredor.	Realiza as actividades tendo en conta a forma e proporción segundo o eixe de simetría e as leis da perspectiva.
<i>Competencia dixital.</i>	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Manexa as ferramentas de debuxo e pintura e as iconas de composición nas súas creacións mediante ordenador.
<i>Aprender a aprender.</i>	Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.	Asimila o proceso de creación das actividades propostas para futuras experiencias similares.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> desenvolver as distintas intelixencias múltiples.	Relaciona as actividades de creación plástica coa expresión das emocións e en relación co mundo exterior e interior.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa nos ámbitos de participación establecidos.	Adquire unha conciencia social e cívica nas actividades relacionadas coa natureza e o medio no medio natural e urbano. Aprecia o valor social en actividades relacionadas coas festas e as conmemoracións.
	<i>Educación en valores:</i> aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Aprende a ter autoestima, a respectar e valorar os traballos alleos, a coidar a natureza, a ter hábitos saudables e a compartir ideas creativas.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde os coñecementos previos do tema.	Valora a creación plástica como medio de expresión. Aprende a xuntar coñecemento e entretemento, apreciando a súa utilidade.
<i>Conciencia e expresións</i>	Elaborar os traballos e as	Coñece e valora o patrimonio

<i>culturais.</i>	presentacións con sentido estético.	cultural. Aprecia a estética das artes visuais. Identifica a creación plástica como un medio de expresión e enriquecemento cultural.
-------------------	-------------------------------------	--

6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Libro dixital (LD)

Tarefa 1: Traballamos a simetría.

- Realizamos froitas a partir dun eixe de simetría (LA).

Tarefa 2: Traballamos a perspectiva.

- Debuxamos figuras humanas tendo en conta a proximidade ou distancia respecto ao punto de observación (LA).

Tarefa 3: Compoñemos paisaxes con técnicas e materiais diferentes.

- Representamos:
 - Unha paisaxe con faro (LA).
 - Unha paisaxe de mar con papeis de cores (LA).
 - Unha paisaxe urbana (LA).
 - Unha paisaxe invernal (LA).

Tarefa 4: Representamos peixes.

- Representamos peixes a partir de formas esquemáticas (LA).

Tarefa 5: Realizamos actividades relacionadas co patrimonio cultural.

- Observamos un detalle do friso do Partenón para compoñer un crebacabezas (LA).

Tarefa 6: Realizamos actividades relacionadas coas festas e as conmemoracións.

- Elaboramos un cartel do Día da Paz e unha máscara de carnaval (LA).

Tarefa 7: Realizamos actividades manipulativas.

- Construimos unha caixa de obstáculos (LA).
- Representamos os planetas mediante a elaboración dun móbil (LA).
- Realizamos unha flor de primavera con papeis superpostos (LA).

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Diálogo previo sobre os coñecementos e as experiencias emocionais en relación cos modelos ou motivos das actividades.
- Observación e comentario sobre a actividade que se vai realizar. Posta en común sobre gustos e preferencias nos aspectos que se consideren variables.
- Traballo reflexivo individual ante o desenvolvemento das actividades.
- Traballo en grupo cooperativo no desenvolvemento de actividades e proxectos: xuntar os alumnos en grupos de tres ou catro nenos e utilizar as estruturas de traballo cooperativo suxeridas na guía do profesor para traballar os principios de definición de obxectivo de grupo, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
- Posta en común en gran grupo: despois do traballo individual ou de grupo.

8. RECURSOS DIXITAIS

Os seguintes materiais dixitais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Plástica:

- Vídeos e crebacabezas de obras de arte.
- Actividades interactivas compositivas.
- Actividades de técnicas plásticas con barra de ferramentas.

Tamén a consulta de páxinas web da proposta didáctica, así como as actividades recomendadas de reforzo e ampliación para atender á diversidade do alumnado.

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación da unidade (no anexo de avaliación).
- Outros recursos: rúbrica, diana... (no anexo de avaliación).

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzou os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?